



Boletín Nº 159. MiÉrcoles, 11 de julio de 2007

- IV. Administración local
- IV.2 Municipal
- Fene

Anuncio Pág. 8066 Reg. 07/7965-x.

- [Anterior](#)
- [Siguiete](#)

Resolución da Alcaldía número 626/2007 sobre nomeamento de tenentes de alcalde

Por esta Alcaldía, en data 27 de xuño de 2007, ditouse a seguinte Resolución:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM 626/2007.

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 16 de xuño de 2007 como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 27 de maio de 2007.

Considerando que os tenentes de alcalde son órganos de carácter necesario no Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, artigo 59.2 da lei 5/97, do 22 de xuño, de Administración local de Galicia e 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Considerando que segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, 62.1 da Lei 5/97, do 22 de decembro, e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os tenentes de Alcalde son libremente nomeados polo alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Considerando que segundo dispón o artigo 46 do Real decreto 2568/1986 citado, os nomeamentos se farán mediante resolución do alcalde da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademáis, persoalmente ós designados e se publicarán no “Boletín Oficial da Provincia”, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución polo alcalde se nela non se dispón outra cousa.

Considerando que esta Alcaldía, por resolución núm. 625/2007 do día da data, en uso das atribucións que legalmente lle están conferidas, procedeu ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

Primeiro.–Nomear Tenentes de alcalde, e pola orde que de seguido se indica, ós/ás seguintes señores/as Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

Primeira tenente de alcalde: dona Rita María Couto Sejjido

Segundo tenente de alcalde: don Antón Lois Noceda Carballo.

Terceiro tenente de alcalde: don Manuel Polo Gundín.

Cuarto tenente de alcalde: don José Antonio López Rodríguez.

Segundo.–Corresponde ós nomeados substituírme, pola orde sinala, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións, así como desempeña-las funcións de alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Terceiro.–Da presente resolución daráse conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándose, ademáis, persoalmente ós/ás designados/as e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

O que se fai público para xeral coñecemento

Fene, 27 de xuño de 2007.

O alcalde, Asdo.: José Iván Puentes Rivera.

07/7965-x

